

Á vista do escrito de Don Juan Ignacio Ramos Martínez, catedrático de universidade e Investigadora principal do Grupo de Investigación GI-1201 da Universidade de Santiago de Compostela, polo que manifesta a súa disposición a recibir DOUS alumnos /as para a realización das prácticas do alumnado do Grao Veterinaria, (**materia: Estancias Non Clínicas**) impartido na Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela, esta REITORÍA

-Considerando que o grupo de investigación GI-1201 arriba citado está integrado na Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos das titulacións de Grao coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudiantado.

RESOLVE

Autorizar a realización das **Estancias Non Clínicas** do alumnado do Grao en Veterinaria nas instalacións do GI-1201 que se realizarán conforme ao seguinte réxime:

- As Estancias non Clínicas que realicen os alumnos/as terán unha carga docente de 9 créditos ECTS , e desenvolveranse de xeito continuado nun período de 4 semanas. Computarase un crédito ECTS por cada vinte e cinco horas de prácticas, sen poder superar o límite de 225 horas, que establece o plano de estudos para estes efectos..
- O obxecto das Estancias non Clínicas que se van realizar consistirá en:
 - Realizar técnicas bioquímicas aplicadas á investigación e ao diagnóstico (cromatografía, electroforese, western blotting).
 - Realizar análise de mostras mediante HPLC.
 - Manexo de equipamento propio dun laboratorio de bioquímica.
- Estas Estancias non Clínicas realizaranse no período que determine a Facultade de Veterinaria, de acordo co Director do Grupo GI-1201 e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.
- Ningún alumno/a terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as Estancias non Clínicas realizadas ao abeiro deste convenio.
- Estas Estancias non Clínicas non comportarán compensación económica algunha. O feito de que o alumnado realice Estancias non Clínicas non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
- Os alumnos/as que van realizar as Estancias non Clínicas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito, atendendo ao expediente académico, curriculum e entrevista persoal.
- A Facultade de Veterinaria nomeará a un titor/a, que realizará o seguimento das prácticas dos alumnos. Así mesmo, a dirección do grupo de investigación nomea

como titor académico ao profesor Juan Ignacio Ramos Martínez que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.

- Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos/as deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
- A avaliación das prácticas realizaraa a USC a través do titor/-a, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-a de prácticas do grupo de Investigación..
- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia do alumno/a non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a gufa docente do programa de estudos.

Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable do Grupo de investigación emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.

A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.

- Aqueles alumnos/as que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2014

O REITOR



Juan M. Víaño Rey

**SR. DECANO FACULTADE DE VETERINARIA
SR. JUAN IGNACIO RAMOS MARTINEZ
SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA
SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA**